



Tertulias literarias

BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA xaneiro – marzo 2020



A programación poderá variar en función da dispoñibilidade

1) La vida negociable, de Luis Landero



Hugo Bayo, perruqueiro de profesión e xenio incomprendido, cóntalles aos seus clientes a historia das súas moitas andanzas, desde a súa adolescencia nun barrio de Madrid ata o momento actual, xa ao fío dos corenta, no que segue buscándolle un sentido á vida.

Entrega: 15 xaneiro

Comentario: 29 xaneiro

2) Elisa e Marcela, de Narciso de Gabriel




No ano 1901 na Coruña casaron Marcela Gracia Ibeas e Elisa Sánchez Loriga, dúas mestras que se coñeceron cando estudaban maxisterio nunha institución relixiosa. Elisa fíxose pasar por un home chamado Mario Sánchez, bautizado polo mesmo párroco pouco antes de contraer matrimonio.

Entrega: 29 xaneiro

Comentario: 12 febreiro

3) A flor de piel, de Javier Moro




O 30 de novembro de 1803, unha corveta parte do porto da Coruña entre aclamacións e aplausos. No seu interior viaxan vinte e dous nenos orfos cuxa misión consiste en levar a recentemente descuberta vacina da varíola aos territorios de Ultramar. Acompañaos Isabel Zandal, encargada de coidalos.

Entrega: 12 febreiro

Comentario: 26 febreiro

4) La flor púrpura, de Chimamanda Ngozi Adichie



Un relato tenro, sereno e conmovedor sobre os lazos familiares, a paixón da adolescencia e a represión, e que transcende á paisaxe dunha Nixeria convulsa para cobrar un cariz universal.

Entrega: 26 febreiro

Comentario: 11 marzo

5) La librería ambulante, de Christopher Morley



Roger Mifflin, un libreiro ambulante que desexa regresar a Brooklyn para redactar as súas memorias, vende a súa singular librería sobre rodas (xunto a súa egua e o seu can) á xa madura señorita Helen McGill, quen decide, farta da monotonía da súa vida, lanzarse á aventura e percorrer mundo.

Entrega: 11 marzo

Comentario: 25 marzo

6) La impaciencia del corazón, de Stefan Zweig



O novo e inexperto tenente de cabalería austriaco Anton Hofmiller comprométese por compaixón coa filla discapacitada do ennobrecido xudeu húngaro Lajos von Kekesfalva. Un dos cumios da literatura europea de entreguerras.

Entrega: 25 marzo

Comentario: 22 abril